



MÉRCORES, 8 DE MARZO DE 2023 MIÉRCOLES, 8 DE MARZO DE 2023 | BOP NÚMERO 46

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Tesourería - Recadación

Aprobación do padrón do lixo. 1er cuadrimestre de 2023

Exposición publica do padrón do primeiro cuadrimestre da Taxa Sobre a Recollida do Lixo 2023

Acórdase aprobar o padrón da taxa polo servizo de recollida do lixo correspondente ao primeiro cuadrimestre do exercicio 2023.

O padrón quedará exposto nas dependencias de Recadación, durante 15 días, contados a partir do día seguinte ao que se publique este anuncio no BOP, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e formular alegacións.

Contra as liquidacións comprendidas no Padrón poderase interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución recaída poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación de dita resolución, ou ben no prazo de seis meses se non recae resolución expresa no prazo dun mes dende a interposición do recurso de reposición.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva, de acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza, segundo o artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

O período voluntario de ingreso comenzará o 3 de abril e rematará o 5 de xuño, ambos os dous incluídos.

Os pagos poderán realizarse en calquera das entidades colaboradoras na recadación dos tributos do concello de Rianxo; a través da Banca electrónica ou en caixeiro automático nas entidades colaboradoras.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro o día 4 de abril de 2023.

Transcorrido o período voluntario de ingreso, iniciarase o período executivo, e as débedas esixiranse pola vía de constrinximento e devengarán as recargas, xuros e custas que se produzan.

Rianxo, 3 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente

Adolfo Muñoz Sánchez, alcalde do Concello de Rianxo

2023/1537